CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio
Deputación DA CORUÑA

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XVII - Nº 200. Outubro 2022. Distribución gratuíta

Douscentos meses informando na Terra de Melide

EMPRESA

‘Mercar no teu comercio ten premio’ chega en novembro á vila P5

MELIDE

O Concello impulsa axudas á natalidade de ata 300€ por crianza P13

COMARCA

O décimo Cross de Santiso volve con forza con máis de 100 corredores P19

ENTREVISTA

José Taboada e Agustín Taboada, Marmolería Melide P23

Este mes de outubro é moi especial para todas as persoas que están detrás destas páxinas do Cerne, dado que manter durante douscentos meses vivo un xornal comarcal independente é realmente complicado polo que o mérito é aínda maior. Neste número 200 intentamos poñer o foco no valor do Cerne para a veciñanza da Terra de Melide así como para os seus comerciantes, empresas e establecementos de proximidade. P2

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE
31 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca
www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial e tribuna de opinión

Douscentos números contando historias

Os números fan os días especiais, unha escusa para falar do importante ou poñer en valor determinado traballo. Esta publicación que estás a ler é a número 200, o que significa que ata chegar aquí houbo e hai moitas persoas detrás destas páxinas para facer posible que a Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide conte cun xornal propio dende decembro de 2004.

Neste artigo temos dous obxectivos: resaltar o mérito que ten contar cun medio comunicación independente que en moitas ocasións é escaparate das empresas, comercios e establecementos da vila; e pola outra parte, facer fincapé na importancia do xornalismo local ao que tantas veces menosprezamos ou infravaloramos.

Poñer en marcha o Cerne cada mes implica unha inversión económica e humana que é posible, en parte, grazas a un grupo de persoas que cren no proxecto e se implican nel. Entre esta xente atopamos aos máis de 100 socios e socias de ASETEM - CCA

Cerne
Terra de Melide
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE (A.S.E.T.E.M). Nº 1. Decembro de 2004. Distribución gratuíta.
A cea organizada polos socialistas en Monterroso foi o escenario desta afirmación
José Blanco anunciou en público que a autovía vai pasar por Melide
O trazado inicial deberá ser modificado, e a desviación prevista a 12 quilómetros de Melide, eliminada. O secretario de organización do PSOE asegurou que o financiamento da nova autovía estaría incluído nos Orzamentos do Estado para 2006
A autovía por Melide está agora máis cerca de ser unha realidade
Fase de exposición do PXOM do Concello de Toques
O alcantarillado de Chorén segue agardando unha ubicación para a depuradora
O BNG espera resposta da alcaldía de Melide para formar parte do tribunal de oposicións
Melide terá un punto limpo
MOBLES ARES
Bo Nadal
Na Terra de Melide

Portada do primeiro Cerne firmado pola directiva do momento. / Foto: Cerne

que dunha ou outra maneira sempre están dispostos a colaborar e participar neste humilde xornal. Tamén están as colaboradoras e colaboradores que cada mes escriben de xeito totalmente altruísta as súas reflexións e ensinanzas, o que permite enriquecer estas páxinas e ser un medio con vocación de servizo público. Outra parte imprescindible no seu desenvolvemento é a directiva da Asociación que traballa arreo e reivindica o papel do Cerne alí a onde van, así como as empresas e comercios que confían nestas páxinas locais para poñer a súa publicidade, aínda que sexa de maneira esporádica. As administración públicas que contribúen ou ben economicamente, como son o Concello de Melide ou a Deputación da Coruña, ou ben aquelas que contan con esta publicación para dar as súas novas e avisos importantes como o Concello de Santiso ou o de Toques. Neste eido, solicitar que a Dirección Xeral de Comercio acepte parte da financiación do Cerne na axuda económica que aporta cada ano, dado que esta publicación é unha campaña máis de promoción e impulso do comercio de proximidade.

O mérito de que logo de case 18 anos o Cerne siga saíndo mensualmente ás rúas da nosa comarca de xeito gratuíto é inmenso. Non é sinxelo manter un medio de comunicación local e independente nestes tempo de globalización nos que cun só clic podemos saber o que pasa en calquera parte do mundo, a milleiros de quilómetros da nosa casa. Non obstante, o xornalismo local é o cemento, a base, das grandes crónicas ou reportaxes. Os e as xornalistas locais narran o noso día a día, os sucesos que acontecen a poucos metros ou quilómetros de nós, falan da nosa xente, das nosas veciñas e veciños, é dicir, fan comunidade.

A comarca da Terra de Melide ten a fortuna de contar con varios medios de comunicación de proximidade como son: Radio Melide, Ecos da Comarca ou Bisbarra. Dende o Cerne animamos a toda a veciñanza a apostar e colaborar con estes formatos porque son os que axudan a poñer a nosa vila no mapa.

Ao longo destes 200 números esta publicación cometeu acertos e algún que outro erro. Iso si, intentando sempre, dende o minuto cero, primar o interese e rigor informativo, así como a proximidade das novas.

Non podemos rematar este artigo sen un agradecemento a todas as persoas que nalgún intre colaboraron dun ou outro xeito co Cerne (colaboradores, publicidade, socios e socias, institucións, ...) así como a toda a veciñanza que nos le porque sen os lectores e lectoras estas páxinas non terían sentido. Grazas infinitas e longa vida ao Cerne!

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Lorena Vidal
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Latexo Logopedia, Abeancos, Ana Mato, Concha Viqueira, Iván Gómez, Tamara Navaza e Vanesa de Quinzán
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....12
- COMARCA.....17
- CULTURA E LECER.....19
- COLABORACIÓNS.....22
- ENTREVISTA.....23

A iniciativa ‘Volta ao Cole’ de ASETEM repercute no comercio de proximidade da vila con máis de 800 euros en vales de compra



O cartel de promoción da campaña Volta ao Cole de ASETEM - CCA deste ano. / Foto: Cerne

A iniciativa de ‘Volta ao Cole’ organizada pola Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide repercute no comercio de proximidade da vila con máis de 800 euros repartidos en vales de compra de 6 e 10 euros entre as máis de 120 familias que achegaron un tícket de 60 euros ou máis ás oficinas da entidade empresarial durante o mes de setembro. Con estes datos recollidos na asociación a través dos tíckets entregados pódese afirmar que, como mínimo, as familias gastaron en Melide 7.500 euros neste período de volta á escola; a isto agora hai que engadirlle os 800 euros en vales de compra que a clientela poderá gastar ata o vindeiro 30 de novembro nos negocios asociados que teñen relación cos produtos para ir ás clases. Polo tanto, en total contabilízase a repercusión desta iniciativa en máis de 8.300 euros para as tendas melidás nun só mes.

Dende o equipo directivo de ASETEM - CCA están moi satisfeitos coa acollida desta campaña dado que se superaron todas as expectativas, isto implica que a veciñanza da comarca escolmou o comercio local para mercar os artigos necesarios para o regreso aos centros educativos. Un dos grandes obxectivos da entidade empresarial é impulsar as vendas das pequenas tendas do municipio. Ademais, afirman tomar nota das cousas que funcionaron nesta iniciativa para repetir e tamén daquelas que non saíron de todo ben para corrixilas en futuras edicións. Así mesmo, a directiva quere agradecer a toda a clientela dos establecementos de proximidade a confianza depositada nos mesmos porque isto implica un apoio moi importante dentro dunhas circunstancias moi complicadas como a crecente suba de prezos ou a inestabilidade económica.

A maiores, parte do éxito desta actividade débese aos responsables de cada comercio local que comunicaron á clientela o funcionamento da mesma e animaron á súa participación pola vantaxes que tamén incluía para as familias. A xerente de ASETEM Centro Comercial Aberto, fai fincapé en que é imprescindible que os comerciantes fagan de altofalante das iniciativas da asociación dado que sempre poden quedar persoas que non se decaten delas, a pesares de que se informa a través do Cerne, das notas de prensa, da aplicación Bando móvil (que se pode descargar tanto en sistema Android como IOS) e das Redes Sociais (Instagram, Twitter e Facebook). Ademais, dende a entidade xa están a traballar para as vindeiras campañas comerciais que buscan promover o tecido comercial da comarca.



LIMPIEZA Y DESINFECCIÓN AMBIENTAL
CONTRA EL CORONAVIRUS

Debido a la declaración del brote de coronavirus como pandemia global por parte de la Organización Mundial de la Salud, desde PLAGOSTEL queremos ayudarle a mantener las dependencias de sus instalaciones libres del virus COVID-19

Plagostel
N.R.S. [0177-GAL-SPO]
calidad e higiene alimentaria

Contacte con nosotros, podemos ayudarle
986118714 – 698179968
pedidos@plagostel.com

Volven os Bonos Activa Comercio para impulsar as compras no comercio local

Un cliente entrando nun comercio local do municipio. / Foto de arquivo

O 24 de outubro regresan os Bonos Activa Comercio para impulsar as compras no comercio local da comunidade autónoma. Estes vales estarán vixentes ata o 31 de decembro.

Mediante esta iniciativa permitirase que a clientela poida acceder a un bono desconto por valor de 30 euros para mercar nos establecementos adheridos. Para que as pequenas tendas poidan inscribirse nesta campaña ábrese o prazo este xoves 13 de outubro e ata o 30 de novembro a través da páxina web. Rueda fixo fincapé en que a Administración autonómica aposta "por reactivar e dinamizar ao pequeno comercio, marcado primeiro pola pandemia e agora polo contexto económico da suba de prezos".

Ao igual que na anterior edición, os bonos de desconto terán formato dixital e estarán dispoñibles para a súa utilización nunha aplicación móbil. O importe irase reducindo en función do valor da compra. Deste xeito, as mercas iguais ou superiores a 20 euros e inferiores a 30 euros corresponderalle un desconto de 5 euros. A rebaixa de 10 euros será para as compras iguais ou superiores a 30 euros e inferiores a 50. A partir desta cantidade, o desconto será de 15 euros. O período de validez dos Bonos Activa Comercio ata o 15 de decembro, agás esgotamento previo do seu saldo.

Na anterior edición desta iniciativa beneficiáronse das rebaixas máis de 230.000 clientes e clientas de todo comercio de proximidade das vilas e cidades galegas. A Xunta de Galicia destinará para esta campaña un presuposto de 5 millóns de euros para estimular as vendas nos establecementos locais e incrementar o fortalecemento e a reactivación económica deste tecido empresarial.

Entrega da tarxeta de 250 euros dos Días Azuis do comercio galego

A clienta premiada e a xerente de Asetem na entrega do premio. / Foto: Cerne

A clienta premiada na campaña da Federación Galega do Comercio, Días Azuis, recolleu a tarxeta moedeiro de 250 euros nas oficinas da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide para gastar de novo nos establecementos de proximidade da vila.

Esta iniciativa dos Días Azuis está moi arraigada no noso municipio, dado que leva máis de dous anos tocando en todas as edicións algún premio no comercio melidense.

A Federación Galega de Comercio xa confirmou que a segunda edición dos Días Azuis de 2022 será entre o 1 e o 20 de novembro nos establecementos de proximidade. Unha nova oportunidade para que as compras no comercio local da vila teña premio, unha iniciativa que busca promover e impulsar as vendas nas pequenas tendas.

A iniciativa ‘Mercar no teu comercio ten premio’ aterra en Melide do 16 ao 23 de novembro para dinamizar as compras

A iniciativa ‘Mercar no teu comercio ten premio’ aterra en Melide do 16 ao 23 de novembro para dinamizar as compras nos establecementos de proximidade.

A Federación de Comercio da Coruña lanza esta campaña de promoción do comercio local en 40 municipios do territorio galego. O obxectivo principal deste proxecto é achegar ao consumidor os establecementos locais e poñer en valor as súas vantaxes.

O sistema de funcionamento da actividade ‘Mercar no teu comercio ten premio’ é moi sinxelo, dado que cada persoa que durante esa semana acuda a comprar nun establecemento de proximidade co tícket pode intercambialo por un boleto de participación no sorteo de vales de compra de 30 euros para volver gastar no comercio local melidense. Os tíckets das pequenas tendas deben ser dun importe igual ou superior a 10 euros para entrar no sorteo dos vales de compra. Os premios entregaranse o mércores 23 ás 13:00 horas no Cantón de San Roque, onde se realizará o sorteo entre os boletos que se entreguen durante toda a mañá para coñecer os gañadores e gañadoras no momento. Este evento comercial tamén contará con animación musical para motivar á veciñanza a mercar nos establecementos locais todo o que precisen.

As tendas participantes serán todas as asociadas a ASETEM - CCA polo que, de novo, comprar nos establecementos da vila ten premio, permíteche aforrar e contribuír a que a túa localidade medre. Estes comercios contarán con cartelería e folletos informativos da campaña para que os consumidores poidan consultar as dúbidas e toda a información dispoñible.

Cartel de promoción da campaña coas datas de celebración en Melide. / Foto: Federación de Comercio da Coruña e Cerne

Aumenta o paro en setembro en 27 persoas na comarca co fin da temporada de verán

Mural na cidade de Zaragoza que amosa as colas do paro. / Foto: Público

Aumenta o paro en setembro en 27 persoas na comarca co fin da temporada de verán, cun total de 468 parados e paradas.

Os datos divididos por concellos da Terra de Melide quedan: 19 persoas máis en Melide (335 en total), 5 en Santiso (57) e Sobrado (50), e Toques marca este mes a diferenza xa que é o único municipio no que baixan en 2 as persoas en situación de desemprego (26 en total). As mulleres seguen levando a peor parte dado que hai 271 en situación de desemprego fronte aos 197 homes.

Se nos fixamos nas comarcas limítrofes os números indican a mesma tendencia, a de Arzúa incrementa en 22 as persoas paradas e do Deza en 50. No cerne galego a comarca que marca diferenza é a da Ulloa con 8 parados menos.

Estas cifras responden ao remate dos contratos firmados para cubrir o traballo da temporada estival, sobre todo no sector servizos no que en setembro na comarca houbo 286 parados -30 en Sobrado, 13 Toques, 37 Santiso e 206 en Melide-. O sector menos prexudicado este mes é a construción.

Xoiería Pereiro en liquidación con artigos rebaixados ata o 50%

A tenda de Xoiería Pereiro na rúa Moa 8 en Melide. / Foto: Cerne

Xoiería Pereiro, situada na rúa Moa 8 de Melide, está de liquidación total, ten os seus artigos ata co 50% de desconto.

Esta tradicional xoiería melidense ten todas as súas xoias e produtos a prezos rebaixados para poder liquidar, por xubilación do propietario, e botar o peche despois de tantos anos ofrecendo o seu servizo na vila. A veciñanza pode achegarse a preguntar polos artigos sen ningún compromiso.

Aprobada a nova Lei de Áreas Empresariais de Galicia con novas nos prazos de aprobación dos proxectos de urbanización

Aprobada a nova de lei de áreas empresariais de Galicia logo de incorporar vinte emendas en comisión, dez do PSdG, tres do BNG e outras tres do PP.

O debate desta iniciativa produciuse hai varias semanas na Comisión de industria, onde o PSdG criticou que o Goberno galego non incluíra a maioría das emendas presentadas pola oposición así como que este proxecto deixa "nun segundo plano" ás administracións locais e deputacións provinciais. Dende o BNG afirman que esta lei só vai "axilizar trámites" e supón "cero debate sobre o modelo" de parques empresariais. Fronte a estas críticas dende o PP defenden a iniciativa da Xunta de Galicia e admiten que "hai que reducir prazos".



Vista aérea de parte do Polígono Empresarial da Madanela en Melide. / Foto de arquivo

Este proxecto de lei de áreas empresariais da comunidade autónoma ten como obxectivo "regular a planificación, ordenación, desenvolvemento e execución das áreas empresariais de interese autonómico, o Censo de solo empresarial, o fomento do acceso ao solo empresarial de titularidade autonómica e a xestión e a conservación destas áreas".

Entre as novas que incorpora esta lei atopamos a creación do plan estruturante de ordenación do solo empresarial e a idea é que o prazo de aprobación dun proxecto de urbanización nun ámbito para adaptarse á demanda do solo pase dos 21 meses actuais a 9.

Outro aspecto novo a destacar é a elevación de rango de lei da figura dos Concellos emprendedores, logo do acordo achegado coa Fegamp no ano 2017 que supuxo a creación de 152 deste tipo. Ademais, as Administracións locais estarán obrigadas a participar no mantemento dos viais dos polígonos e as empresas decidirán sobre os servizos dos mesmos.

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ánxeles Vázquez, definiu esta normativa como "pioneira" e que permite fortalecer a economía e "ter mellor calidade de vida e emprego de calidade". En canto ás bonificacións, Vázquez lembrou que "ata agora eran dun 30% ou 50%, algo que se decidía nos presupostos e dependía da sensibilidade do presidente da Xunta ou do conselleiro ou conselleira responsable en cada momento".

Esta lei contou con 143 alegacións.

Aberto o prazo para solicitar o apoio ao financiamento do investimento do programa 'Xempre Emprendemento'

Unha das viñetas empregadas pola Administración para promocionar esta subvención. / Foto: Xunta de Galicia

Aberto o prazo para solicitar o apoio á financiación do investimento realizado e pagado entre o 1 de xaneiro de 2022 ata a data de presentación da solicitude. Esta axuda está destinada a persoas traballadoras autónomas, pequenas e medianas empresas, cooperativas e sociedades laborais que se atopen de alta e iniciasen a súa actividade dende o 1 de xaneiro de 2020.

Os conceptos subvencionables para esta axuda económica son: equipamento informático; activos intanxibles, incluída a subscrición a software estándar do mercado durante o período subvencionable, gastos de creación de programas informáticos e páxinas web, patentes, licencias e coñecementos técnicos ou outros dereitos de propiedade intelectual; investimentos en eficiencia enerxética; adquisición de bens de equipo e mobiliario; reforma e habilitación de instalacións do local de negocio; adquisición de activos pertencentes a un establecemento ou bens de equipamento de segunda man.

Os investimentos deben estar realizados e pagados por medios bancarios entre o 1 de xaneiro deste ano e a data de presentación da solicitude da axuda. A obriga de mantemento dos investimentos será de 3 anos dende a data de pagamento final da subvención -a obriga será de 5 anos no caso de bens inscritibles nun rexistro público-.

A contía da axuda será: para investimentos de 5.000 ata 10.000 euros o 60%, de 10.001 a 30.000 euros o 50% do investimento, de 30.001 a 50.000 euros o 40% e de 50.001 a 100.000 euros, a contía será do 30% do investimento destinado.

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ÓPTICAStábora

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E. 15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

Outro eixo principal sobre o que o xornal xira son esas mans das xornalistas que ao longo destes 200 números escribiron novas, entrevistas e reportaxes sobre os acontecementos e sucesos da comarca da Terra de Melide. Sen eles e elas sería imposible que o proxecto Cerne se materializara e fixera realidade. Esta páxina recolle só algunhas impresións de tres xornalistas que formaron parte da familia do Cerne.

Parabéns!

PARABÉNS en maiúsculas é o primeiro que quero escribir. Os meus parabéns por eses 200 números que cumpre o Cerne. Que pronto se din e que difícil é chegar a eles, sobre todo nos tempos que nos tocaron vivir. Por iso, que gran mérito o voso!

Unha vez que pasas polo Cerne aprendes a valorar o traballo e esforzo que supón sacar adiante unha publicación mensual destas características. Todo un desafío, pero tamén unha gran satisfacción.

No meu caso foron tres anos e medio que me serviron para coñecer a multitude de persoas, cada unha coa súa historia detrás, e para darme conta unha vez máis do peso e a importancia que ten o xornalismo local á hora de transmitir esas historias.

Por iso, que gran ferramenta é o Cerne se falamos de comunicar e reivindicar, e máis no eido do comercio local como é o caso. Cumpre funcións tan necesarias como a de defender os intereses dos seus asociados; pero a maiores abrangue a información política, cultural e social da comarca; e, algo importantísimo, serve de altofalante para os intereses dos veciños e veciñas.

Neste senso, mágoa que non sexan moitos máis os que se animen a participar coas súas opinións, e mágoa que dende algunhas institucións non se apoie un pouco máis a medios pequenos como é o caso de Cerne.

E que dicir de facelo en galego. Apostar nun xornal pola súa publicación íntegra en galego ten aínda moito máis mérito. Sobre todo se falamos dun periódico local, con recursos moitas veces insuficientes. Pero aí segue, apostando polo noso idioma e saíndo á rúa puntual cada mes durante máis de 15 anos. Que orgullosos debedes e debemos sentirnos.

Por todo isto, de novo os meus PARABÉNS a todas e todos os que están arredor de Cerne e que, dunha forma ou doutra, contribuíron a que o xornal chegase ata aquí: empresarios e comerciantes membros da Asetem, as súas diferentes xuntas directivas e presidentes, colaboradores, xornalistas, anunciantes, institucións... e por suposto Pilar. A todos e todas as miñas felicitacións.

E especialmente, os meus parabéns e sobre todo o meu agradecemento a aquelas persoas coas que me tocou compartir etapa. Un "grazas" infinito porque o recordo que gardo non pode ser mellor.

A por outros 200!

Concha Viqueira é unha xornalista de Oroso que estivo ao fronte do Cerne entre xuño de 2017 e decembro de 2020. Unha persoa comprometida co xornalismo local e coa nosa lingua. Durante estes meses redactou novas sobre o etiquetado dos produtos en galego, as eleccións municipais do 2019, os 30 anos do nacemento de ASETEM, vertidos no Río Furelos ou o lanzamento do vermú propio elaborado en Casa Mejuto.

Duascentas faragullas de integridade

Sempre que pronuncio a palabra Cerne debuxo un sorriso na cara. Pasaron xa anos dende que premín por última vez a tecla de "enviar á imprenta" dende esa oficina da rúa Lino Sexto, a de Asetem, que é caldo de cultivo de proxectos multidisciplinares e na que pasei moitas horas redactando, pensando e contando. Anos e distancia, pero o Cerne sempre volve a min en forma de recordo grato, o dun proxecto xornalístico que celebra a publicación de 200 números e que segue e seguirá formado parte da miña vida: como lector que volve ás súas páxinas cada mes para saber o que acontece na comarca onde viviu e traballou, pero tamén na medida en que me deixou leccións indelebles a nivel laboral e persoal.

O Cerne é unha faragulla de integridade; un pequeno veleiro que navega nun mar de tempestades, un exercicio constante de resistencia. Non é doado manter no tempo un proxecto humilde, comarcal e gratuíto como este xornal. Doado non, pero posible si. Sobre todo cando se asenta en valores honestos e firmes, nunha verdadeira vocación de servizo público; eses piares dos que, lamentablemente, carece cada día máis o xornalismo de hoxe en día. O Cerne é un xornal libre de intereses, excepto o lexítimo de servir de plataforma de promoción do comercio local e de altofalante do que lle acontece ás xentes da Terra de Melide.

Durante o meu tempo como redactor fun testemuña directo de épocas de penurias económicas nas que sería doado venderse á mellor oferta e doutras, as menos pero que existiron, nas que houbo presións externas que condicionaron a viabilidade do proxecto. Pero aí seguiu o Cerne mantendo os seus valores. Podo dicir que xamais recibín ningún tipo de consigna á hora de escribir, nin me sentín condicionado por unha liña editorial á que debese someterme. Traballei con absoluta liberdade e sempre se confiou no meu criterio profesional para enfocar as noticias ou abordar temas espiñentos. Crédeme que isto é un auténtico privilexio, pero non só para o exercicio da profesión de xornalista; tamén como lectores e lectoras é un privilexio poder recibir unha información libre de axentes contaminantes. Cónstame que segue imperando esa mesma filosofía na oficina-redacción da rúa Lino Sexto. Esa é a clave que permite publicar esta edición número 200 e a que fará cheguen como mínimo outras tantas máis. Xentes da Terra de Melide, tedes un tesouro que vos pertence. Valorádeo e coidádeo.

Douscentos Cernes. Xa choveu. Si, pasaron anos, pero desa etapa que me levou a percorrer a comarca e dese traballo que me fixo coñecer moita xente conservo tamén un ben moi prezado: as amizades que fixen e o seu cariño, o volver sempre que podo e sentirme como na miña segunda casa, o atoparme con xente que me lembra e me fai ver que me aprecia. Melide acolleume como ningún outro lugar polos que pasei ata día de hoxe. O Cerne abriume as portas dunha etapa ben vivida e de tantas e tantas cousas boas que me pasaron neses anos e que xa ninguén me pode quitar. Grazas Cerne. E, por suposto, parabéns por cruzar esta meta simbólica do número 200!

Iván Gómez é o xornalista que chegou dende Vilasantar a Melide para contar as historias da nosa comarca, coñecer os proxectos empresariais e culturais, así como integrarse na veciñanza coma un melidense máis. No seu paso polo Cerne (abril 2012 - marzo 2017) informou de varias edicións da Foliada, manifestacións dos gandeiros da comarca, o prazo no que saíu a información pública o tramo da autovía entre Arzúa e Melide ou os 100 números do xornal Cerne.

Cerne: o valor das persoas e do local

Escoitar a agarimosa voz de Pilar López anunciándome que o Cerne estaba a piques de cumprir 200 números fixo brotar en min moita emoción e, incluso, algunha pequena bágoa nos meus ollos. Viñeron á miña cabeza lembranzas daqueles dous fermosos anos durante os que puxen toda a miña vontade, dedicación e esforzo na coordinación e redacción deste xornal.

Foron só dous anos, realmente pouco tempo véndoo con perspectiva, pero o suficiente para decatarme de que estaba ante – permitídeme a expresión – un "ser" que tiña moito que dicir. O Cerne era xa daquela, alá polo 2009, unha especie de institución na Terra de Melide. E isto segue a ser así hoxe en día porque atesoura uns valores moi sólidos que o fan manterse vivo e forte.

Por unha parte, é o altofalante dunha enorme actividade que agroma da sociedade civil da Terra de Melide, ben sexa dende os comercios, as empresas ou as asociacións de máis diverso tipo. A Administración ten un papel importante no día a día da comarca, pero é, sen dúbida, o pulso do traballo e o altruísmo das persoas anónimas o que alimenta ao Cerne.

E, por outra parte, a súa propia existencia é a constatación do poder do local, do que nos é próximo. Que os veciños de toda contorna estean informados do que acontece na comarca é vital para que moitas das iniciativas promovidas por esas persoas anónimas das que falaba anteriormente saian adiante e se manteñan no tempo. Sabemos que os nosos actos teñen consecuencias na nosa contorna máis próxima; entón, coñecer o que ocorre á nosa beira pode servir para axudar dalgún xeito a toda a veciñanza e, por extensión, a nós mesmos.

Nos tempos tan estresantes nos que vivimos, no que todo se volve apuro e consumo superficial de calquera contido, obxecto ou elemento que nos poidamos imaxinar, que unha publicación en papel (si, o papel aínda sigue existindo; afírmao unha millenial que aínda toma notas nunha libreta no canto de facelo no móbil) chegue aos 200 números é para celebrar por todo o alto.

Os camiños laborais afastáronme da Terra de Melide, mais sempre me lembro do Cerne. Foi para min unha experiencia de enorme aprendizaxe. De cando en vez, entro na páxina web de Asetem para botarlle un ollo ao xornal e manterme ao tanto do que acontece na comarca. Ogallá poder recollelo no local da asociación ou en calquera dos puntos de reparto e ir tomar un café mentres leo detidamente e paso unha tras doutra as súas páxinas.

Gustaríame que vós, os que estades a tocar agora mesmo esas páxinas cheas de tinta que ás veces deixa os dedos un tanto borrallentos, valorarades todo o traballo que hai detrás e todo o que significa este xornal.

Parabéns ao Cerne e a todas as persoas que fan e fixeron posible a súa existencia. A por outros, polo menos, 200 números máis. Longa vida ao Cerne!

Tamara Navaza Sa, xornalista do Cerne entre outubro de 2010 e agosto de 2011.

O Cerne ten máis de cen piares fundamentais que fai posible que o xornal siga chegando casa mes ás súas casas, eses son as persoas responsables de cada comercio, establecemento e empresa que forman a Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide. Os negocios locais son os verdadeiros protagonistas destas páxinas nos douscentos números do Cerne, sen eles o xornal non tería sentido. Por esta razón pedimos opinión a varios socios e socias sobre o valor e o papel do Cerne na súa labor.

O primeiro, os parabéns a ASETEM por facer posible que xa 200 números do xornal CERNE visen a luz na comarca de Melide, para ledicia (podo dicilo así) de moita xente, moita. Porque o CERNE é xa para moit@s "un compañeiro ao que ver cada mes". Así o afirmo, xa que as varias ducias de exemplares que chegan á nosa tenda sobre o día 15 empezan a "voar" moi moi rápido... A xente non leva o CERNE, pídeo porque importa o que se escribe nel, porque quere saber qué pasou na vila... E o interese non decrece, ao contrario.

Además, as gracias por deixarnos ser partícipes neste número especial. O CERNE supón un vínculo moi interesante entre todos os veciños/as da comarca. Creo que a clave está na proximidade que supoñen a maioría das novas que lemos con nós mesmos; é dicir, todo o que lemos nos resulta próximo. Os avisos, as entrevistas, as novas, a publicidade... Para os que somos de ler o xornal a diario, o CERNE representa un resumo mensual do que nos acontece. Para os socios de ASETEM o CERNE é tamén unha oportunidade de publicitarse, de darse a coñecer ou informar de cambios, melloras no negocio..., algo que sempre resulta moi interesante desde o punto de vista da visibilidade na comarca. Por suposto, o CERNE é tamén unha canle de comunicación cando desde ASETEM se organizan ou promoven concursos, sorteos,...

Para rematar, desexar a ASETEM e ao CERNE unha longa vida, co apoio de tod@s: socios, institucións e lectores/as. É curioso como nos tempos de internet e a lectura dixital, creo que somos maioría os que nos decantamos pola lectura "en papel" do noso xornal, o CERNE. Aínda sabendo que temos a posibilidade de facelo a través da páxina de ASETEM, preferimos a opción tradicional.

E non quero deixar pasar a oportunidade de destacar, con orgullo, con moito orgullo, o traballo que levamos adiante todos os días a xente do comercio/industria/servizos da nosa vila. Tod@s sumamos para que Melide teña esa imaxe de pobo vivo e dinámico. Todo é mellorable, por suposto, desde as institucións e desde nós mesm@s. Pero precisamente por iso debemos poñer en valor o esforzo de moita xente cada día por facer un Melide mellor.

José María Valcarcel, responsable da Xoiería Roval.

Para min o Cerne é unha ventá ao comercio local e ese empuxón que necesitamos para chegar a máis xente, como as persoas maiores que non teñen redes sociais e desta forma, poden estar igual de activas en información.

Gema Torre, xerente do centro de beleza e benestar Flor de Toxo.

O ter un xornal da Asociación de Empresarios da Terra de Melide permite: por un lado, estar sempre ao canto das novas e sucesos que acontecen na comarca e, pola outra parte ter un escaparate no que visibilizar os establecementos de proximidade.

Ramón Vidal, responsable de Librería Cousas

As administracións públicas e os partidos políticos tamén forman parte do Cerne, dado que moitas das súas decisións marcan o día a día da poboación, polo que en cada número teñen o seu oco. Nesta publicación intentamos publicar o maior número de novas posibles e de todos os municipios próximos pero dado que o número de páxinas é limitado non sempre collen todas as que nos gustaría contar. Dende o Cerne puxémonos en contacto con varias formacións políticas e Concellos da comarca para poder ofrecer a súa opinión sobre o noso xornal e isto é o que nos contaron.

Medrar co Cerne

Cerne, xornal pioneiro na comarca de Abeancos a cal pertence o Concello de Santiso. Co nacemento deste medio de comunicación a información que chegaba aos veciños cambiou de formato, saíndo dos xa tradicionais telexornais ou a radio. Non era habitual ver nos fogares do municipio información en papel, e menos de noticias que acontecían nas aldeas do lado.

Algo tan próximo como as impresións de amigos recollidas en tempo de lecer polos xornalistas que ese encargaban de editar o xornal e que esperaban verse reflexados no papel do Cerne. Somos moitos os que medramos co Cerne, e seguiremos seguindo os seus números cada mes e agardando as noticias e os acontecementos que pasaron e van pasar nos vindeiros días na comarca.

Santiso, xunto co resto da contorna abriulle as portas a este medio, e nunca estarán pechadas para entrar nos fogares como o fixo nestes 200 números.

Ao xornal Cerne, moitas gracias.

Concello de Santiso.

Douscentos parabéns por facerdes comunidade

Cerne, o Xornal da Terra de Melide, acada 200 números. Son xa uns cantos anos recollendo o sentir e as historias da nosa comarca e ofreceéndolle a toda a veciñanza a información do que sucede ao pé da casa. Dándolle unha voz á comunidade para coñecerse, pensarse e falar de si mesma. Analizando a realidade cotiá, á fin e ao cabo, a través das nosas propias lentes e dos nosos propios intereses cidadáns.

Nós sabemos da importancia de que a Terra de Melide se exprese a través das súas propias palabras. Pensamos que un medio de comunicación de ámbito local coma este é unha ferramenta moi importante para que a comunidade humana -as nosas familias, as nosas veciñas e veciños, a xente que vive, medra, traballa, estuda, ten un proxecto vital, en definitiva, aquí- estreite os lazos que a unen. Cerne foi nestes anos un altofalante e un espello onde falar e reflexionar sobre esas cousas cotiás que nos afectan. Cantos retos, e cantas alegrías, coñecemos a través das súas páxinas!

É innegable o papel de servizo público que en tempos moi recentes volveu deixar claro que xoga o xornal, adaptando unha realidade global da pandemia á óptica melidá. Falando especificamente dos desafíos e as dificultades da nosa xente, do noso comercio e asociacións. Explicando as cousas no noso idioma e a través das nosas propias vivencias. Esa é a grandeza dos medios de comunicación local.

Sabemos que en moitos aspectos este número 200 é moi importante, por simbólico. Pero tamén sabemos que volverá haber novos aniversarios e novos fitos no camiño de Cerne. Que vai seguir habendo un escaparate para comercios, asociacións, veciñanza, colectivos sociais, e todas as persoas que conforman o mellor que ten esta terra: a súa xente.

Reiteramos os nosos parabéns para o equipo de Cerne, e que sexan tantos como números cumpridos. E que veñan moitos máis.

Xosé Igrexas, voceiro de Adiante Melide.

A importancia dos medios locais na nosa lingua

A RAG define CERNE como a parte máis dura dunha cousa ou a parte central e/ou máis importante. Para os melidenses “cerne” alude por unha banda, ao noso título de cabeceira de comarca e, por outro, ao xornal melidense local e en galego que informa mensualmente das novas da vila e dos concellos limítrofes, principalmente Santiso e Toques.

Cando os primeiros número de CERNE saíron a rúa a utilización das RRSS, da web ou do móbil como ferramenta multiusos era residual. Non todos os fogares posuían unha conexión a internet nin en todos os lugares de Melide existía a posibilidade de conectarse á rede. Parte aí do seu éxito e a súa pervivencia ata a actualidade: un medio gratuíto, local e en galego onde a cotío o lector pasaba as páxinas e identificaba perfectamente quen era quen e do asunto sobre o que estaba a falar.

Novos compañeiros de viaxe dentro do panorama informativo comarcal emerxeron e mantéñense hoxe en día á par, non obstante CERNE segue mantendo o seu fomento orixinal en papel á par da transformación necesaria ao mundo dixital que se produciu nos últimos tempos chegando este outubro aos 200 exemplares editados na rúa.

Dende o Partido Popular de Melide queremos parabenizar á este medio polos 200 xornais con información local e en galego desexando que o pluralismo informativo que é a súa vez un reflexo da sociedade melidense sexa a liña a seguir nas súas crónicas.

Partido Popular de Melide.

200 Edicións do Cerne

200 edicións cumpre o CERNE, 200 veces que saíu a rúa, 200 veces que foi distribuído para cumprir a súa cita mensual cos lectores da comarca. O obxectivo de ser unha ferramenta de servizo público que informa da labor da asociación, do traballo dos seus asociados e da actualidade da comarca, foi cumprido con nota sobresaliente.

Só se pode chegar a esa cifra de publicacións dende o rigor informativo, a imparcialidade, o bo facer e sendo de gran utilidade para a sociedade. Gracias a ASETEM por facer o esforzo de mantelo, seguro que non é doado. E por suposto, lembrar a todas e todos os redactores, que durante estes 200 CERNE, deixaron impresa a súa paixón por escribir.

José A. Prado voceiro do PSdG Melide

SABER DE LEI

Ana Mato Salgado
Avogada
Tlfn.: 671 833 425
Rúa Xesús Carro, Nº15-2º
(Melide)

O CERNE É COSTUME. E O COSTUME FAI A NORMA

O costume é unha fonte de dereito, cando existe defecto de lei, como ven recollido no art. 1.3 do Código Civil. O costume é esencialmente non escrita, aparece sen ser expresamente promulgada por ningunha autoridade, e só se converte en dereito cando ese uso foi practicado durante longo tempo, sen ser contrario a moral ou a orde pública.

Así entendido podemos dicir que despois de 200 números o Cerne é o noso xornal, por costume, por dereito.

O Cerne é aquel xornal que nos conta o que pasa no noso pobo e na súa contorna, o que nos acerca aos veciños e veciñas, aos negocios polos que día tras día pasamos por adiante (a perfumería, a libraría,a xoiería, a imprenta, a tenda de roupa, o salón de estética, a axencia de viaxes...), o que nos ofrece as reflexións en forma de artigos de aqueles que vemos no parque ou no río, artistas das letras. Ás veces o alumnado do IES deléitanos con poesías, e tamén sabemos máis dos escritores locais cando publican unha obra nova. Coñecemos as novas sobre os nosos grupos de música tradicional, sobre o equipo de fútbol que tan noso sentimos. Coñecemos máis de acerca os produtos que mercamos, e tamén as persoas que no los venden, fainos máis familia e achéganos de algún xeito aquela veciñanza das aldeas dos tempos que hoxe nos parecen tan remotos. E iso fai que a hora de mercar teñamos máis confianza no produto. Porque a base do comercio local é a confianza. E non nos pasa só cos comercios, tamén nos pasa cos servizos dos profesionais aos que acudimos e dos que coñecemos máis grazas ao que lemos no xornal; danos máis confianza acudir a nutricionista que un día nos contou o descoñecemento que existe ao redor do mundo da alimentación, ou máis confianza a hora de levar ao noso fillo a logopeda que número a número nos explica con ilusión aspectos do seu traballo.

A nivel persoal sinto gran satisfacción cando me vén un cliente e me di: " xa te coñezo do Cerne".

O Cerne é un escaparate que nos mostra que non fai falta ir fóra para mercar, que en Melide temos de todo. É base de confianza e é costume! Despois de 200 números é xa unha norma creada e imposta polo uso social, polo que non se entendería o comercio local sen un medio de comunicación propio, sen o noso xornal.

ESTE MES *LATEXO LOGOPEDIA* CÓNTACHE..."

200 Números do Cerne

Cristina Fernández Barros
Nº col. 15/0099

latexo
logopedia
Rúa Rosalía de Castro, 3 Melide
Teléfono:
642 007 210

Se o mes pasado era Latexo quen estaba de aniversario, neste mes, o Cerne chega ao número 200. Parabéns!

Como todo proxecto, cando comezou, teño por seguro que daba moita vertixe elaboralo e facer del unha referencia tivo que ser un traballo de moitas horas de dedicación. Pero despois de 200 números creo que as persoas que participan en todas as fases de elaboración, deben estar moi orgullosas porque é un medio de información que fai chegar as novas a todos os recunchos da vila, do concello, da comarca e atreveríame a dicir que chega moito máis lonxe, porque as redes sociais, hoxe en día, fan que se poida saber de Melide ata na Patagonia!

Participar nun proxecto como o do Cerne dá idea da organización de quen se encarga de facérnolo chegar en papel. Coordinar a redacción e as colaboracións é un traballo de moitas horas, que non poden ter mellor recompensa que seguir medrando como o está a facer o Cerne!

Cando no 2020 naceu Latexo, achegueime a ASETEM e faláronme do Cerne. Eu non o coñecía, pero por suposto estaba disposta a formar parte e tentar achegarvos ao mundo da logopedia a través das súas páxinas. Así foi como mes tras mes, fostes (e seguiredes) atopando información sobre a miña profesión.

Para min, persoalmente, supón unha forma de achegarme á vila que tan ben me acolleu dende o principio. Ademais, axuda a que a logopedia e Latexo se sitúen no mapa e cada vez máis persoas saiban deste tema! Adoito pararme a ler moitas das novas nos momentos de descanso que me deixa Latexo e doume conta de que se o Cerne chegou ata estes 200 números, ten que ser porque moitas persoas se encargan de participar deste proxecto en conxunto. Eu entendo o Cerne como punto de unión, entre a veciñanza deste concello e quen traballa para materalizalo.

Para rematar, só desexar que o Cerne sexa inagotable e que de 200 se pase a 2000 e só sexa celebrando que o traballo feito dende o xornal, coas novas de Melide, siga a traspasar territorios e conectar persoas! Larga vida ao Cerne!

Comezan as actividades deportivas e culturais do Concello cunha ampla participación

Os usuarios e usuarias da ximnasia de mantemento na clausura de clases no mes de xuño. / Foto de arquivo

Comezan as actividades deportivas e culturais do Concello de Melide cunha ampla participación por parte da veciñanza, ocupando máis de cincocentas prazas repartidas nas diferentes categorías deportivas ofertadas esta edición. A única categoría que non botará andar ata o mes de novembro é cociña para nenos e nenas.

Este curso 2022 -2023 as actividades que se están levando a cabo son: ximnasia de mantemento, pilates, baloncesto, hipopresivos, deporte combinado, atletismo, tonificación, baile moderno, pintura, patinaxe, bádminton, teatro, fútbol sala, zumba, escola de costas, aerobic, tonificación - trx, fotografía, costura, cociña, memoria, novas tecnoloxías para maiores, ballet e club de lectura. As modalidades máis demandas este ano son: por unha banda cociña de adultos, pintura, tonificación - trx e pilates que contan con lista de espera; pola outra banda, ximnasia de mantemento que conta con 104 persoas anotadas, patinaxe con 41 nenos e nenas e, por último, bádminton e fútbol sala con máis de 20 crianzas.

As actividades deportivas desenvolveranse no Polideportivo municipal agás ximnasia de mantemento nas quendas de tarde que serán no Centro Social e patinaxe no CEIP Nº1. No caso das culturais o club de lectura será na biblioteca municipal; fotografía, pintura, costura e teatro no Edificio Multiusos; cociña na Casa do Consistorial; e ballet e baile moderno no antigo Centro de Saúde.

As persoas interesadas en anotarse a algunha das modalidades nas que haxa prazas dispoñibles pode acudir ata o rexistro central da Administración local para inscribirse nas mesmas. Os usuarios e usuarias que o desexen poden consultar a listaxe de persoas admitidas na páxina web do Concello de Melide (concellodemelide.org) na sección de avisos onde está toda a información detallada sobre as clases. Pola contra a xente que queira darse de baixa dalgunha das categorías pode facelo acudindo ao rexistro central.

No que respecta ao cobro destas actividades dende o grupo da oposición, o Partido Popular da localidade, reclama un "trato fiscal xusto" para os usuarios e usuarias dado que ata este momento hai seis meses sen cobrar das clases do curso anterior.

Esta é unha das series de actividades promovidas polos Departamento de Deportes, Política Social e de Cultura da Administración local para manter á veciñanza activa durante todo o ano. Ademais, este será a primeira edición logo de dous anos da pandemia na que xa non sexan necesarias as medidas de prevención fronte ao COVID - 19 durante as clases.

A segunda edición da Liga de Pádel do municipio comezará en novembro

O concelleiro de deportes da Administración local. / Foto: Concello de Melide

A segunda edición da Liga de Pádel de Melide comezará en novembro e estenderase ata o vindeiro mes de abril de 2023.

Neste campionato, organizado pola Administración local, as prazas son limitadas e os equipos participantes no anterior torneo tiveron preferencia. Para formar parte desta competición é necesario contar cun seguro deportivo ou ficha federativa. A maiores, os deportistas participantes deben pagar os prezos taxados para a utilización da pista de pádel.

Os partidos celebraranse entre a tarde - noite dos venres e os sábados pola mañá, con posibilidade de xogar o domingo se fose preciso polo volume de equipos participantes.

O concelleiro de deportes do Concello de Melide, José Prado, lembra o "éxito rotundo" que supuxo a edición do ano pasado que contou coa inscrición de 20 equipos.

Por outra banda, dende o equipo de goberno municipal tamén destacan como a automatización do sistema de reservas nas pistas de pádel levou a un uso sen precedentes destas instalacións deportivas por parte da veciñanza.

Melide como referencia na loita contra a violencia machista

Membros do Goberno local coa subdelegada. / Foto: Concello de Melide

María Rivas, subdelegada do Goberno na Coruña, destacou, nunha visita ao municipio, a Melide como referencia na loita contra a violencia machista por facer uso de todos os instrumentos postos a disposición dos Concellos por parte da Administración central.

Nesta visita a Melide, a subdelegada do Goberno tamén aproveitou para achegarse á unidade especializada en Violencia de Xénero (unidade Vioxén) no cuartel da Garda Civil e o Centro Social do municipio para coñecer os traballos de primeira man.

A - 54, uns por outros e a estrada sen facer

Un dos tramos da autovía A-54 abertos entre as cidades de Lugo e Santiago / Foto de arquivo

A autovía Lugo - Santiago converteuse nunha historia interminable e unha ferramenta política para atacarse entre uns e outros.

Lonxe queda o ano 2003, momento no que un grupo de melidenses formaron a plataforma 'Autovía por Melide' para que esta estrada pasara pola vila e contar cunha mellor conexión para ir as cidades de Lugo e Santiago de Compostela. Dende aquelas foron varias formacións políticas que pasaron polos gobernos do Estado, da Xunta de Galicia e do Concello de Melide, houbo períodos con máis avances que outros, dado que xa están abertos e en pleno funcionamento os tramos de Palas de Rei - Lugo e Arzúa - Santiago de Compostela. O municipio melidense quedou illado neste proxecto e o Partido Popular da vila anunciou que vai presentar unha moción no próximo pleno ordinario para instar ao Goberno local a adoptar unha unha decisión "sobre a necesidade de presionar ao Goberno de España para que remate cun compromiso claro e taxante os tramos Palas de Rei - Melide así como Melide - Arzúa, os únicos que non están en funcionamento da autovía A - 54".

Pola outra banda, dende Adiante Melide amosan a súa sorpresa polo feito de que os populares teñan agardado máis dunha década para reclamar, vía pleno municipal, celeridade nas obras. O alcalde da vila, José Manuel Pérez, comenta: "benvido sexa o PP á posición na que nunca estivo ata agora, que é a defensa dos intereses de Melide ante calquera goberno, é lamentable o silencio que mantiveron sobre este asunto todos estes anos".

Dalia García, voceira do populares locais, manifesta que é lamentable que Galicia sufra a desconexión do goberno de Sánchez e os seus socios en Melide non alcen a voz" ante o feito de que miles de peregrinos se ven obrigados a camiñar con perigosidade por este tramo. Ante estas declaracións, Xosé Igrexas, portavoz municipal de Adiante Melide, lembrou que "dende 2011, logo da vitoria de Mariano Rajoy, e ata 2014, as obras sufriron un parón inxustificable que demostrou que as prioridades do PP estaban moi lonxe de Melide". A maiores, dende un comunicado enviado polo socio maioritario no Goberno municipal fan fincapé en que "uns buscan titulares e outros buscamos solucións".

Por outra parte, o PPdG fixo pública que tamén presentará unha moción para instar a Administración do Estado a priorizar a finalización da autovía entre Lugo e Santiago.

O Concello realizará obras de mellora nas vías de O Barreiro e San Cibrao

Aldea de Riocobo onde se van realizar estas obras. / Foto: Google Maps

O Concello de Melide saca a licitación as obras de mellora nas vías que dan acceso a explotacións agropecuarias e que se atopan en mal estado.

Este proxecto inclúe a limpeza de cunetas e a pavimentación con aglomerado, así como a sinalización horizontal da vía.

O primeiro tramo comeza na estrada N-547 en Riocobo, onde se mellorará a vía da entrada de acceso á Igrexa de San Mamede do Barreiro, incluíndo as bifurcacións existentes. O segundo tramo empeza no Rañado pasando polo lugar da Torre e finaliza no cruce coa estrada Orois - Maceda.

Axudas a prol da natalidade no municipio de ata 300 euros por crianza empadroada

Unha muller embarazada en avanzado estado de xestación. / Foto de arquivo

A Administración municipal melidá ten aberto o prazo para solicitar as axudas a prol da natalidade. Unhas subvencións de ata 300 euros por fillo ou filla nada entre o 1 de novembro de 2021 e o 31 de outubro deste ano e que cumpran os seguintes requisitos: un dos pais debe estar empadroado en Melide, cunha antelación mínima de 6 meses ao parto ou á adopción; os nenos e nenas deberán inscribirse no rexistro de habitantes do concello; a persoa solicitante deberá comprometerse a seguir empadroado por un período de catro anos; por último, o empadroamento suporá que a residencia habitual da familia será calquera das parroquias do concello de Melide.

Estas axudas económicas poderanse solicitar ata o vindeiro 15 de novembro. Para presentar a solicitude, as familias deben achegar ao rexistro xeral da Administración local a solicitude acompañada de: fotocopia do libro de familia e DNI da persoa solicitante, copia do acto xudicial de adopción, certificación dos datos bancarios e de estar ao corrente de pago coa Axencia Tributaria e a Seguridade Social, declaración xuradas, compromiso de empadroamento e da devolución da axuda en caso de non cumprir.

Volven os Bonos Cultura de 50 euros para gastar en establecementos locais

Librería Victorio, tenda incluída na anterior edición dos bonos. / Foto: Cerne

No vindeiro mes de novembro a Xunta de Galicia volve lanzar os Bonos Cultura de 50 euros co que obter o 50% de desconto na compra de produtos culturais nos establecementos locais adquiridos.

Os usuarios e usuarias poderán comezar a empregar estes bonos a partir do 2 de novembro. Para poder beneficiarse desta iniciativa a clientela ten que descargar un código QR na páxina web www.bonocultural.gal que deberán presentar no momento da compra. O prazo para usar os descontos remata o sábado 31 de decembro.

Os artigos que se poden mercar con estes bonos culturais son os mesmos que na anterior edición: música gravada en cedé ou vinilo, películas ou series en formato físico, libros ou videoxogos e calquera tipo de institución cultural, salas de cine, concertos de música e espectáculos escénicos, entre outras actividades artísticas.

Os comercios interesados en participar nesta campaña deben inscribirse antes, contarán cun mes dende a publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia, a cal polo momento non ten data fixada. A adhesión realizarase na páxina web dos Bonos Cultura.

Nesta iniciativa da Administración autonómica poderán adherirse persoas físicas ou xurídicas que teñan como obxecto da súa actividade a venda ao consumidor de produtos e bens culturais en Galicia. Os centros ou locais públicos ou privados destinados á exhibición de produción cultural como salas de cine, teatros, auditorios salas de concertos, salas de exposicións, etc tamén está incluídos. Outro sector que pode participar son as asociacións, entidades e fundacións de carácter cultural que ofrezan produtos do eido da cultura.

A aplicación do Sergas contará co servizo de renovación de receitas

Captura de pantalla da aplicación Sergas Móbil. / Foto: Cerne

O Conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, anunciou que están traballando en varias medidas para simplificar os trámites entre a cidadanía e o persoal sanitario e alixeirar así a carga burocrática da atención primaria.

Unha destas accións será habilitar na aplicación SergasMóbil a opción de que a usuaria ou usuario poida solicitar a renovación da súa receita para que posteriormente o médico decida se aceptala e así non ter que acudir ata o Centro de Saúde ou coller cita telefónica. Esta opción tamén se poderán realizar dende as farmacias.

Ademais, Comesaña adiantou que se vai constituír un grupo de traballo para deseñar un sistema que automatice a xestión de baixas derivadas dunha atención hospitalaria, co obxectivo de evitar as citas entre persoal sanitario e paciente para tramitar unha baixa que xa vén indicada dende a unidade hospitalaria tras unha consulta ou intervención.

Melide mellorará a iluminación, son e tremoia do Centro Sociocultural Mingos de Pita

Auditorio do Centro Sociocultural Mingos de Pita en Melide. / Foto: C. Melide

O Concello de Melide mellorará a iluminación, son e tremoia do auditorio do Centro Sociocultural Mingos de Pita a través da compra e instalación de maquinaria escénica por un valor total próximo aos 18.000 euros. A instalación desta maquinaria producirase durante este mes de outubro para poñer así solución ás carencias en equipamento escénico do auditorio.

Este proxecto permitirá converter o auditorio do recinto nun equipamento público axeitado para actuar como importante espazo cultural local.

A adquisición da nova maquinaria dotará o auditorio da estrutura necesaria para dar soporte a equipos de iluminación, son e tremoia. O equipamento escénico que se vai adquirir comprende un sistema de colgado fixo co que dar soporte a aqueles elementos necesarios nas representacións que non forman parte da estrutura do espazo. O investimento da a adquisición deste material é de 17.670,46 euros, dos cales 6.926,82 euros achegados pola Consellería de Cultura e o resto polo Concello.

Castelao xa forma parte da arte urbana do municipio

Mural dedicado a Castelao nunha parede do Multiusos. / Foto: Cerne

#MercaenMelide #MelideDestino #DomingosdeMelide
Concello de Melide
Melide destino

1€ eurocadena

Rúa Cantón de San Roque, 9 - 15800 Melide
Telf: 670 292 917

Esther & Cris Conde

FLORISTAS

Rúa Taboada Roca, 4 - Baixo
15800 Melide (A Coruña)
881 819 101
Esther 699 100 294
Cris 696 372 032
strelitziafloristas@hotmail.com

Floristería MARU

1 y 2 de noviembre
DÍA DE DIFUNTOS
Un recuerdo, una flor...

Floristería Maru
María Cabado

- Amplia variedad en flores y plantas
- Eventos nupciales, comuniones, etc.
- Coronas y centros florales

Rúa do Convento, nº 9 Melide *Tlf: 981 507 580 / 607 507 579* *www.floristeriamaru.es / floristeria.maru@gmail.com*

- *Produtor de toda clase de flores*
- *Tamén preparamos: ramos de noiva, ramos, palmas, centros, coroas, etc..*
- *Estamos ao seu servizo en:*
  R/ Amador Rodríguez, 7
  Tfnos: 981 50 61 64 / 981 50 59 86
  666 49 38 49 / 666 49 38 50

Melide

Floristería Tarrío

Flor 10

Teleflora

1 e 2 de novembro DÍA DE DIFUNTOS

O décimo Cross de Santiso volve con máis de cen participantes

Parte do cartel do X Cross de Santiso e a ruta da Goza do Ulla no mes da andaina. / Foto: Concello de Santiso

O décimo Cross de Santiso volve pisando forte, con 169 participantes repartidos nas diferentes categorías -peques, prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete, promesa, sénior, veterano A, B e C e corredor local participarán desta proba deportiva tan especial o vindeiro sábado 22.

A recollida de dorsais será o propio da carreira no Bar Mesón Visantoña dende as 12:00 horas ata trinta minutos antes do inicio de cada proba. A maiores, os participantes deben recoller a "bolsa do corredor" tamén neste establecemento hostaleiro antes de comezar as carreiras para poder participar neste evento.

Dende o Concello de Santiso afirman: "facemos unha moi potente aposta por traer de novo este evento ao panorama galego, facendo fincapé na importancia do participante", dado que son os verdadeiros protagonistas. Ademais, o equipo da Administración local quere que esta sexa "unha proba que perdure no tempo e medre cada ano e para iso, os atletas teñen que marchar contentos".

Paralelamente á carreira vaise celebrar unha andaina que compartirá recorrido co Cross, dende o Campo da Festa de Visantoña, e que á súa finalización haberá pinchos, música e baile para os participantes. Non obstante, isto non é todo dado que o sábado seguinte, día 29, dentro do programa Goza do Ulla realizarase outra ruta de 7 quilómetros con saída e chegada no Campo da Festa de Beigondo. Unha vez rematada esta andaina haberá un magosto popular organizado por unha asociación veciñal ao cal estamos todos invitados. Para participar nestas camiñatas é necesario anotarse chamando ao 981 81 85 01 e son actividades totalmente gratuítas.

Dous sábados con grandes ofertas deportivas para desfrutar en familia.

O alumnado do CEIP de Arcediago estrea comedor escolar

Os nenos e nenas no comedor escolar e nas actividades de ludoteca en Santiso. / Fotos: ANPA CEIP Arcediago

Este curso escolar o CEIP de Arcediago (en Santiso) estrea o servizo de comedor, organizado e posto en marcha pola ANPA deste centro educativo.

O comedor escolar conta con 14 nenos e nenas, o que supón o 35% do alumnado da escola, e pretende "garantir a conciliación da vida laboral e persoal das familias da escola de Santiso", manifestan dende a ANPA de Arcediago.

Este servizo de comedor, autoxestionado pola asociación de nais e pais, recolle no seu regulamento de funcionamento obxectivos como: que o alumando poña en práctica hábitos de hixiene persoal e fomentar os hábitos de vida saudables mediante o fomento da inxestión de alimentos variados e sans e dunha actividade física regular; fomentar a axuda mutua e o traballo en equipo; sensibilizar ao alumnado e ás familias da importancia do consumo de produtos de tempada e km cero, implicar ao alumnado e ás familias no desenvolvemento produtivo e económico do Concello.

Este é un proxecto ambicioso que implica todos os axentes sociais da vila, dende as materias primas empregadas ata a súa elaboración, dado que no Mesón de Visantoña cociñan a diario os menús do comedor. Este servizo conta cunha monitora, veciña de Santiso, que comparte mesa coas crianzas e xogos despois do xantar. O alumnado tamén se implica de maneira directa xa que barren, limpan e poñen ou recollen a mesa fomentando o traballo colaborativo e a autonomía persoal. O Concello colabora con esta iniciativa achegando unha axuda económica.

Ademais, a ANPA puxo en marcha o servizo de ludoteca, polo que o alumnado pode estar ata as 17:00 horas no centro educativo.

Santiso e Melide reciben unha axuda para contratar técnicos de emprego

A Casa Consistorial de Santiso, un dos concellos beneficiados. / Foto de arquivo

A Administración autonómica vén de publicar no Diario Oficial de Galicia os Concellos e organizacións que van recibir unha subvención para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2022. Entre as Administracións municipais beneficiarias desta axuda económica da Xunta de Galicia atópanse Melide e Santiso, con 26.000 euros cada un para a contratación deste persoal, tan necesario dentro do organigrama dun Concello para desenvolver todas as tarefas relacionadas coa busca de oportunidade de emprego.

Os Concellos de Melide e Toques organizan a segunda Andaina dos Montes do Bocelo

Participantes noutra andaina organizada polo Concello. / Foto: Turismo Melide

Mañá, 12 de outubro, celébrase a segunda Andaina dos Montes do Bocelo, unha iniciativa dos Concellos de Melide e Toques na que colabora a Asociación Deportiva Cerne.

Esta actividade desenvolverase pola ruta de sendeirismo que une os dous municipios da comarca, atravesará o Coto do Pilar que é o punto máis alto de toda a provincia da Coruña con 803 metros sobre o nivel do mar.

A Andaina comezará ás 9:30 horas dende Melide e Toques simultaneamente. Este camiño dende Melide ten unha lonxitude de 10,8 quilómetros, e dende Toques uns 8,6 quilómetros ata o Coto do Pilar. A maiores, haberá autobuses no Coto do Pilar para o regreso ao punto de saída, aínda que os participantes que así o desexen poden continuar a andaina camiñando ata chegar ao punto de saída contrario, percorrendo en total case de 20 km.

A inscrición pode efectuarse a través da APP Sporttia, nas Administracións municipais ou a través dos teléfonos: 981 505 001 (Melide), 981 505 826 (Toques), 620 60 57 81 (Deportes Melide) e 626 44 58 16 (Deportes Toques).

RELATO DUN EMIGRANTE

Neste Cerne tan especial recollemos un relato no que parte da veciñanza, especialmente a de maior idade, se sinta identificada. Esta é unha historia da emigración, unha de tantas na Galicia dos anos 60 e 70, na que un veciño da parroquia de San Salvador narra a súa estancia en Holanda nunha época na que moitos galegos e galegas decidían marchar da súa terra para traballar e labrarse un bo futuro. A gran maioría dos emigrantes marchaban ser saber o idioma do país que os acollía, deixando atrás a familia e coa inmensa incertidume que implica o futuro nestas situacións. Este relato forma parte das vivencias de F.R.F , cedidas por el de xeito altruísta a este xornal e recollidas tamén no boletín número 33 (Nadal 2020) do Centro de Estudos Melidenses Museo da Terra de Melide.

A rúa con tráfico na praza Dam de Ámsterdam (Holanda) nos anos sesenta. / Foto: Arquivo Nacional dos Países Baixos

O día 11 de Novembro de 1967 emigrei para Holanda.

Saín da miña casa de San Salvador ás seis da mañá para coller o coche de Pereira, desde Melide para estar na Coruña ás catro da tarde.

Cando saín, miña nai e miñas irmás quedaban chorando, e eu, á verdade, que algún medo levaba, porque non saíra da casa máis que para ir á mili, que foi na Coruña, en Infantería.

Ás catro da tarde xuntámonos un 15 homes, a verdade é que algúns xa tiñan uns 40 anos, e dábame a pena porque deixaban fillos e muller.

A xuntaza foi na Oficina de Emigración. Collimos o tren cara a Madrid, e dixérnnos que alí estarían agardándonos, e así foi, que chegados a Madrid, aí estaba agardando un señor. Estivemos o resto do día e durmimos en Madrid; eu levaba uns queixos que me dera miña nai e deixeinos na mesilla de noite na habitación do Hotel, cavilando que se botarían a perder dentro da maleta.

O outro día saímos no tren cara Francia, logo cambiamos de tren camiño de Bélxica, e de Bélxica a Holanda, a Roterdam, a onde chegamos ás 9 da noite; ceamos nun hotel moi bonito, deses que teñen luces de velas, todo moi bonito; ao acabar de cear, díxonos o señor que nos acompañaba, que un autobús nos levaría Ámsterdam, a onde chegamos ás 12 da noite.

Alí entramos para un baixo dun hotel, mellor dito, era un sótano, onde o xefe nos dixo que lí era onde iamos estar; eran dúas habitacións e unha cociña, de dous por tres metros, uns seis metros cadrados; e de uns nove metros cadrados a habitación para catro homes; e a cociña era para todos. Ao servicio había que saír fóra, a unha chabola; a pileta estaba na cociña.

Ao outro día, ás sete da mañá en pé e leváronos a almorzar, e déronnos catro ovos fritos a cada un; á verdade e que era un almorzo bastante forte para nós; eu comín dous e ben me chegaron.

Dixéronnos que desde agora a comida é pola vosa conta, mercádela e facédela.

Logo leváronnos nun autobús para os Astilleiros, para empezar a traballar; fomos con uns que estaban alí, tamén españoles, que xa levaban algún tempo; eran andaluces.

O primeiro día non fixemos nada; ás 5 da tarde saímos e para chegar á pensión había que coller tres autobuses, ou sexa, facer tres cambios. Chegamos e non tiñamos que comer, eu acordábame dos queixos que me dera miña nai e que os esquecera en Madrid na mesilla da habitación do hotel.

Xuntámonos todos e fomos comprar á tenda, e aquelo era unha risa, e por outro lado unha tristeza, pois pediamos pan e dábannos azúcar, pero por señas fomos collendo pan e patacas, aceite... poucas cousas porque non había moitos cartos no bolsillo; na pensión empezamos a cociña e aquelo era unha merenda de negros porque todos queriamos facela primeiro; con todo, foise arreglando a cousa, pero xa pensaba que ardía a sartén con tan pouco aceite, que para que rendera ben, botámoslle pouco.

Ao outro día, chegamos a traballar aos astilleros, e chamáronme; eu puxera de oficio soldador porque estivera na Escola Acelerada na Coruña, e sabía algo, sobre todo teórica pero práctica non tiña moita. Mandáronme para o barco a soldar; eu nunca vira un barco tan grande, era un petroleiro; díxome o encargado, vai soldar ao tanque N°4 estribor. Eu non sabía que era estribor nin babor, nin proa nin popa; soupeno despois. Total, que empecei a soldar no tanque e furaba a chapa toda, e veume o encargado e díxome que fora con el e e levoume a unha nave moi grande, onde estiven 15 días practicando, e cando levaba catro días nos astilleiros, díxome un andaluz que estaba na miña pensión e traballaba tamén alí, que ao saír dos astilleiros, ía dúas horas a limpar; e eu pregunteille se habería traballo tamén para min, e fun con el e preguntoulle ao xefe e o xefe dixo que xa podía quedar ese mesmo día; díxenlle ao andaluz que espérase por min para ir xuntos para a pensión porque eu non sei o camiño; saín do traballo e díxome o xefe que xa marchara, eu quedeime bastante frío, había 25 cm de neve e non sabía camiño nin carreira; os autobuses non sabía cales había que coller, non me acordaba dos números, bueno, gracias a que levaba a dirección no bolsillo e vin un señor e pregunteille e non me fixo caso ningún; eu case choraba, pensei que tiña que durmir fóra, na neve; nesto vexo vir a outro señor cun maletín, corbata e traxe ben posto, e collo a dirección na man e pregunteille e díxome como quería dicir que fose con el, e meteume no coche. A verdade que non sabía certo para onde me levaba, chegando á pensión xa coñecía e púxenme un pouco máis contento, e levoume ata a mesma porta; eu non sabía que lle facer, dáballe algúns cartos, pero el non me quixo nada. Baixei para o sótano e xa estaba o andaluz ceando e díxenlle, home puideches agardar por min, e el contestoume, home, levas aquí 4 días e pensei que sabías o camiño; eu pensei, que listos sodes os andaluces, e calei, pero case me viñeron as bágoas.

Despois, cando levaba 15 días practicando a soldadura, fun para o barco.

Eu primeiro tiven unha bicicleta, e depois tiven unha motocicleta Honda, e despois saquei o carnet de conducir.

En Holanda a comida era toda a base de mermeladas, queixo, verduras e mantequilla e polo, beber cerveza; moitos hipis se xuntaban na praza da Reina, todos os días; unha vez fomos a un bar con compañeiros a tomar algo e era de hipis, entramos e vin un montón de chaquetas no chan, nunha esquina,

→

RELATO DUN EMIGRANTE

eles chegaban e botábanas nun montón, e eu fixen igual, collín a chaqueta e tireina no montón, os compañeiros moito riron.

Os astilleiros eran bastante grandes, tiñan catro diques, para reparar os barcos e algún tamén se reparaba na auga. Había barcos de moitos países, algún petroleiro. Podíase xogar un partido de fútbol na cuberta, de proa a popa, de estribor a babor.

Eramos uns 80 soldadores; eu unha vez estaba soldando por fóra do barco na auga, nun carro tirado por un cable pola grúa, e fallo a grúa e encheuse o carro de auga, e chegábanos a auga á cintura, eu non sabía nadar, collí bastante medo, pero rapidamente se arreglou a grúa e saímos ilesos.

Holanda é moi bonita, a xente especial, eu cando cheguei había os períodicos e revistas debaixo dun edificio, nunha mesa, collían o período e deixaban alí os cartos, sen problema; os españois diciamos, se se poñen en España, non sei se deixarían os cartos así.

Iamos no autobús cunha tarxeta para 15 días, e de vez en cando pasaba unha revisión, pero os holandeses sempre ían legal, españois e outros non eran así.

En Ámsterdam había moitos canales de auga, en inverno, de agosto a maio estaban case todos conxelados, incluso patinaban por arriba, tiñan ata 50 cm de xeo. Había moitos transbordadores, moitos tulipáns, moitas bicicletas e moitos parques. A moeda era o florís.

Nos astilleiros os sábados e domingos non iamos traballar; dábannos extra, ou sexa, o doble da paga, se iamos traballar, pero case sempre ían os italianos; pero eu un día dixen ao cabo, que era o encargado, vou de vacacións a España, e díxenlle si era posible traer unha botella de coñác Carlos I para usted; e díxome, cuanto se lo agradecería Rodríguez, queres trabajar satarda e sonda?, ou sexa, sábado e domingo, e eu díxenlle que si, e despois traballaba os días que quería.

Así estiven catro anos de emigrante en Holanda, en Ámsterdam, do ano 1967 ao 1971, en Ámsterdam Noord, Shellimvonda, 269. - Hotel Kief.

Esta pequena historia está transcrita tal e como o reflexou o seu autor orixinal, F.R.F (veciño de San Salvador) nas súas notas durante a súa estancia en Holanda como emigrante. Unha mostra en primeira persoa dos acontecementos e situacións que emigrantes galegos como este veciño melidense tiveron que vivir nesas décadas en diferentes países europeos e de América do Sur.

Emigrantes nunha estación de tren en Holanda nos anos 60. / Foto: A.N.P.B

Máis de 1.000 quilos de lixo recollidos nas Xornadas de Limpeza do río Furelos

Persoas participantes nas xornadas de limpeza do río da Asociación de Troiteiros do río Furelos. / Foto: A.T.R.F

As persoas participantes das Xornadas de Limpeza do Río Furelos, organizadas pola Asociación de Troiteiros, recolleron 1.100 quilos de lixo de diversos tipos.

Dende a organización de pescadores manifestan que nesta ocasión se produciu un "incremento considerable con respecto dos últimos anos". De feito, debido ao volume e peso do lixo recollido a asociación tivo que solicitar o camión do Concello de Melide para transportalo ao punto limpo do municipio.

Dende a Asociación de Troiteiros fan fincapé en que "o Río Furelos é un deber de todos, o que se coñece quérese e o que se quere coidámolo". A responsabilidade de manter o río limpo é de toda a veciñanza, non se pode mirar a outro lado.

Gutier Taboada gaña o concurso gastronómico de polbeiras

Gutier Taboada no Galicia Fórum Gastronómico. / Foto: Concello de Melide

O polbeiro melidense Gutier Taboada gaña o oitavo Concurso de Polbeiras do Galicia Fórum Gastronómico, celebrado na Coruña a última fin de semana de setembro.

Gutier Taboada, da Polbería Taboada da vila que na actualidade se dedican a ir ás feiras e a encargas de cátering, gañou os 1.000 euros do primeiro premio. Na segunda posición quedou María Isaura (Carballiño) e o terceiro posto foi para o polbeiro Jaime Méndez (O Grove).

O GDR Ulla Tambre Mandeo xestionará un novo Programa Leader 2023 - 2027

O edificio que acolle a sede do GDR Ulla Tambre Mandeo no municipio do Pino. / Foto de arquivo

O Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo recibiu o visto bo de Agader -o organismo da Consellería de Medio Rural que coordina o Programa Leader en Galicia- á súa proposta para ser entidade colaboradora do Programa Leader entre o período de 2023 a 2027.

A candidatura do GDR Ulla Tambre Mandeo, presentada no mes de agosto, foi valorada positivamente pola Administración autonómica polo que a asociación será a encargada de xestionar as axudas leader no mesmo territorio, formado polos concellos de Boimorto, Arzúa, Melide, O Pino, Santiso, Sobrado, Toques, Touro e Vilasantar.

Dende esta entidade comentan que "para a elección do noso GDR tívose en conta a alta participación de asociacións e a coherencia do territorio escolmado, cunhas características e necesidades comúns, nas que destaca entre outras, a riqueza da biodiversidade, a importancia do turismo e unha industria agroalimentaria forte, co queixo D.O.P como protagonista indiscutible". A estratexia de desenvolvemento local participativo realizarase ata o próximo mes de marzo.

Arrincan os ensaios da Santa Compaña melidense

A representación da Santa Compaña no 2021. / Foto: Museo da Terra de Melide

O Museo da Terra de Melide organiza un ano máis a representación da Santa Compaña coa que pretenden poñen en valor as tradicións propias da nosa terra.

Nesta actividade poden participar todas as persoas que o desexen, xa ben sexa de ánima ou ben de vivo, só teñen que acudir ata a sede do Museo para inscribirse. Os ensaios son os domingos pola tarde e xa comezaron a pasada fin de semana para ter todo preparado o próximo 31 de outubro, día no que a Santa Compaña percorrerá a vila.

Con esta representación trátase de "poñer en escena unha crenza propia do máis arraigado da nosa cultura", afirman dende o Museo da Terra de Melide, entidade que leva organizando esta iniciativa dende o ano 2019 con moito éxito.

Roval JOYERÍA JR

SARGADELOS
DESEÑO - CULTURA - HISTORIA - CALIDADE

Parabéns ao Cerne!

Novos tempos JR Nova tenda JR A mesma ilusión

Alexandre Bóveda, 12 - Melide · Tlfs.: 981 50 54 31 - 650 076 862 · joseroval@mundo-r.com

O valor do que temos cerca

Fai non tantos anos, a nosa xente de por aquí achegábase ás tabernas das aldeas á hora do parte para estar ao tanto do que pasaba. A versión era unha soa -máis ou menos como agora- pero polo menos sabíase algo do mundo que había máis aló do que tiñamos diante dos ollos.

A cousa informativa cambiou tanto e en tan pouco tempo que case se podería dicir que pasou aquelo que dicía Lampedusa: "todo ten que cambiar para que todo siga igual". A oferta de medios de comunicación, de canles de televisión e de medios dixitais é tan ampla que costa entender que nos chegue practicamente un único discurso.

Nas aulas de xornalismo ensinábannos como os xornalistas e os seus medios deben marcar as axendas informativas, decidir de que se fala, cales serán as preocupacións da xente. E eso é tan real como que nas sobremesas de domingo da Galicia máis rural os cuñados discutiran non fai moitas temporadas polo independentismo catalán, polos ertes de Andalucía ou pola identidade nacional. A través do que consumimos nos medios de comunicación convertemos en problemas para nós o que sae nos xornais. Pasamos a preocuparnos por cousas cuxa existencia ignorariamos se non fose porque é portada, abre telediarios e sae seguido na páxina de noticias de Google cada vez que collemos o teléfono. E se nos interesamos por eses temas, o algoritmo que nos filtra a información que chega a nós daranos máis deso, ata facernos vivir nunha realidade mediática que moitas veces ten cero que ver co noso día a día. Ninguén di que sexa mellor vivir illados e ignorantes do que pasa máis aló do que vén os nosos ollos, pero creo que se pode vivir felizmente sen ter opinión nin gasto mental de enerxía sobre a maioría dos temas que abren os telediarios, porque son axendas políticas, non sociais, non as nosas.

Cousa distinta é informarse, ocuparse e preocuperse polo que pasa darredor de nós. E aí, nese nicho de información directa, de actores coñecidos porque son os nosos veciños, os nosos concellos, os nosos problemas como cidadáns, ten un oco indiscutible o xornal Cerne, que chega neste mes ao seu número 200.

O valor da proximidade é un dos criterios que fai que un tema sexa noticioso, que ás persoas lles interese saber del. E esa é a alma do Cerne: douscentos xornais contando o que pasa darredor de nós, o que nos inflúe no día a día, informando dos problemas que si teñen que ver con nós. Nun mundo cheo de grandes titulares é un tesouro ter unha fonte de información na que os actores principais sexamos nós e os nosos veciños, e a realidade da que se nos fala sexa por fin, a nosa.

Vanesa de Quinzán



José Taboada, Marmolería Melide

“Dada a falta de traballadores dentro duns anos a man de obra no sector da construción vai subir o seu prezo”

Marmolería Melide é unha empresa con ampla experiencia no sector que conta con grandes profesionais que ofrecen un traballo de calidade e cun trato personalizado. Nesta marmorería adáptanse a todo tipo de gustos decorativos para facer realidade os proxectos da clientela cos mellores materiais para que o resultado sexa óptimo. Ademais, nas súas oficinas situadas no Polígono Industrial da Madanela na parcela número 42 ofrecen asesoramento e presupostos sen ningún tipo de compromiso e sen custo.

Agustín e José Taboada traballando no seu traller de Marmolería Melide no Polígono da Madanela. / Foto: Cerne

- Que servizos ofrecedes na empresa?

- José Taboada: pois estamos especializados no tratamento da pedra natural, especialmente, modificamos as formas dos granitos e mármores.

- Cal é o voso ámbito territorial de traballo?

- J.T: Traballamos por todo Galicia, non temos problema en desprazarnos. Con que chegue o presuposto nós non temos inconvinte en ir a onde faga falta.

- Falando do presuposto, nestes intres coa suba dos prezos varía moito en pouco tempo.

- J.T: Si, os prezos cambian moito nos últimos meses, sobre todo, nos materiais de importación. Os materiais que proceden do territorio nacional varían pouco pero nos de importación como poden ser os cerámicos ou prefabricados que están continuamente subindo de prezo. Nestes momentos é impensable dar un presuposto que che aguante seis meses, como moito podemos aceptar un presuposto nun período de dous meses porque senón máis alá non é asumible para nós.

- Comparado con hai un ano, canto se incrementaron os prezos dos materiais?

- J.T: Pódese dicir tranquilamente que un 30%. É certo, que como che dicía antes, non aumentaron igual o seu custo os materiais nacionais que os de fóra. Isto débese tamén ao incremento dos transportes. No medio desta situación, hai empresas que che mandan promocións a mellores prezos pero claro nunhas cores moi concretas e de maneira esporádica porque o custo xeral subiu en todo. Unha persoa que estea facendo unha casa o presuposto xa o ten fixado pero estalle subindo o prezo de todo é nós que somos case os últimos en traballar na obra vemos como cada vez queda menos pastel para repartir. Ademais, hai que sinalar que a man de obra é o que menos se incrementou se o comparamos cos custos actuais dos produtos.

- Cales son os materiais máis demandados?

- J.T: Agora mesmo o máis demandado é a porcelana, con diferenza con respecto aos outros. Isto é porque en granito as cores claras hai que ter moito coidado con eles dado que collen manchas e os porcelámicos non as collen. Pódese resumir en que nos quedamos cos materiais máis cómodos e fáciles de limpar. No que se refire á durabildade, temos encimeiras de granito de hai vinte anos que están en perfecto estando e en cambio as de porcelana non aguantan tanto tempo.

- Sodes uns traballadores cunha ampla experiencia no sector pero como comezastes nel?

- J.T: Cando era novo ou ben estudabas ou ben traballabas, polo que empecei nunha granxa a miña vida laboral pero como non me gustaba decidín vir para este oficio que me sigue gustando aínda a día de hoxe. De feito, dentro deste traballo o que menos me gusta pódese dicir que é a atención ao público porque é complicado, xa que ás veces chégache xente que quere montar unha cociña nova e sabe máis el que nunca montou unha que ti con máis de vinte anos de experiencia no sector. Hai tempo ti contabas con dez tipos de pedra e tiñas o ano cuberto, agás dous ou tres que pedían igual un material máis exclusivo pero para o resto amañabas. Actualmente, xa a clientela vén co material escolmado da casa porque buscan nas páxinas web e tráeno xa pensado.

- Unhas das principais queixas nos sectores relacionados coa construción é a falta de relevo xeracional.

- J.T: Si, hai unha escaseza de relevo xeracional moi grande. A día de hoxe, se precisas unha persoa para traballar non a das atopado. Hai varias circunstancias que penso propician isto: por unha banda, hai persoas cobrando o paro que non queren traballar polo que esas xa nada; pola outra banda, hai persoas desempregadas que si queren volver estar en activo pero que como durante o paro non realizaron ningún curso nin formación despois tes que ti unha vez que as contratas formalas en varios ámbitos no seu horario laboral. Non digo que teñan que estar facendo cursos moi específicos durante o período no que cobran o paro pero formacións básicas como o de prevención que se poden facer en liña pois cando viñeras incorporarte a un posto de traballo xa traías un paso feito. Logo, unha vez contratado xa se farían cursos máis especializados dependendo da empresa na que se entre traballar pero polo menos ter un incentivo feito tamén dende a perspectiva da persoa que busca emprego para o empresario ou empresaria. Esta problemática de non ter relevo xeracional é un aspecto que está pasando en todos os sectores relacionados coa construción polo que dentro duns anos, a man de obra vai subir moito porque cada vez van ser menos os profesionais que se dediquen á construción. Entón, chegará un momento no que o máis caro non sexan os materiais senón a man de obra que che poida cobrar un albanel. Nestes intres temos moitos arquitectos, aparelladores, etc pero se non hai quen poña o ladriño non facemos nada. Necesitamos que as persoas novas se animen a dedicarse e aprender este oficio porque é un traballo co que podes vivir ben economicamente, é máis duro que outros fisicamente pero como en todos os empregos hai cousas menos boas. Polo tanto, considero que pode ser unha boa saída laboral.

Marmolería Melide
Polígono Industrial da Madanela, 42
15800, Melide
Tlf: 981 50 55 18

Instituto de la Sordera

CAMPAÑA SUBVENCIÓN AUDITIVA INSTITUTO DE LA SORDERA 2022



Incluye todas las pruebas necesarias para diagnosticar una pérdida auditiva, tapones de cera, perforaciones, etc.

LE CONCEDEMOS UNA SUBVENCIÓN ESPECIAL PARA LA COMPRA DE SUS AUDÍFONOS

Ahórrese hasta

Estamos tan seguros de seleccionar la mejor opción para su problema auditivo que puede probarlo en su casa con total tranquilidad durante un mes

Consúltenos por el resto de las subvenciones

No acumulable a otras ofertas o promociones

SUBVENCIÓN Gama BÁSICA 400€

SUBVENCIÓN Gama SUPERIOR 600€

En cada adaptación binaural (2 audífonos)

LE REALIZAREMOS GRATUITAMENTE UN COMPLETO ESTUDIO AUDITIVO

PRUEBE LO ÚLTIMO EN AYUDAS AUDITIVAS

Y DISFRUTE DE LA MÁXIMA CALIDAD Y DISCRECIÓN

Volver a oír bien, es una decisión que cambiará su vida

E-15-001359 Ronda da Coruña, 34 • 15800 Melide. A Coruña - Tel.: 981 50 72 87 - 648 75 47 61